La Voz de Galicia MARTES **5 FEBREIRO** 2019 • ANO VI - Nº 182 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1.Líder BASKET




# COROANDO CIMAS

**O Estudiantes da Liga Galega cadete feminina impúxose a Rosalía, líder da competición, e mantén as súas opcións de clasificarse entre os catro primeiros para disputar o título galego.** No horizonte aparecen Ensino, Cortegada e Maristas, ante os que a marxe de erro volve ser mínima

MINIBASKET E PREMINIBASKET

## Burela e Sarria reforzan os seus liderados

Ambos conxuntos medíronse aos segundos clasificados, impoñendo o seu dominio con cadansúa vitoria ante Sarria e Estudiantes Rojo

REPORTAXE

## Aula formativa homenaxe a Cristina Seijo

O próximo domingo en Frigsa os adestradores de baloncesto teñen unha cita coas conferencias de Tito Díaz, Juan Carlos Castro e Pepe Laso

1ª DIVISIÓN PREINFANTIL

## Estudiantes non concedeu opcións



MARISTAS 36 - 74 ESTUDIANTES

1ª DIVISIÓN CADETE E JÚNIOR

## Vendavais celestes por riba dos 100 puntos

**Os cadetes de Estudiantes masculino impuxéronse 130-54 a Carballo, mentres que as júnior feminino fixérono por 104-36 ante Arxil no Anexo**




Lucas tras desfacerse da presión de tres rivais


Mark a punto de anotar ante un rival e Lucas


Luis, que se foi ata os 23 puntos, en plena transición

# Unha proba de fogo superada

**ESTUDIANTES SAÍU Á BOIA CANDO PEOR PINTABAN AS COUSAS ANTE TUI** no encontro máis igualado que disputaron os de Marcos López esta tempada no Anexo

| ESTUDIANTES 77 | | TUI 72 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Janusevicius | 7 | Souto | |
| Mark | 25 | Díaz | |
| Diego | 1 | Arraso | |
| Cabe | 8 | Karen | |
| Luis | 23 | Kjaergaad | |
| Iago | 13 | Diéguez | |
| Olloqui | | Varela | |
| Jorge | | Martínez | |
| Lucas | | Iglésias | |
| Alberto | | Soto | |

> "En los momentos más complicados los jugadores dieron un paso al frente" MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes impúxose a Tui nun partido no que os de Marcos López demostraron que, ademais de saber gañar de forma folgada, saben apertar os dentes nos momentos complicados para saír á boia.

Ante Tui no Anexo os lucenses puxeron terra polo medio no marcador moi pronto, cun primeiro parcial de 24-9 que parecía sentenciar o encontro. Estudiantes freou o potente xogo interior de Tui e,ao descanso, o marcador era de 43-31.

Xa na segunda parte apareceu un protagonista inesperado. O acerto no tiro exterior de Tui, que anotou practicamente todo o que lanzou, mesmo en situacións ben defendidas polos lucenses, ata asinar 13 triplos ao longo do encontro.

Estudiantes estaba máis errático e Tui pechouse cunha defensa en zona ante a que, pese a non anotar desde o perímetro, Mark fixo das súas na pintura.

Tui chegou a empatar o encontro nos últimos minutos do terceiro cuarto, pero cando peor pintaban as cousas e máis crecido estaba Tui, Estudiantes enfundou o mono de traballo en defensa, mantivo a calma e con bo baloncesto volveu dispoñer de rendas que roldaban os dez puntos e que xestionaron no tramo.

Na próxima xornada Estudiantes visita a un Silgatec inmerso na loita polos play off, mentres que Obradoiro terá unha complicada saída a Porriño, tradicionalmente unha pista moi difícil

**25**

**PUNTOS MARK** moitos deles nas posesións máis quentes do encontro nas que atopou vías para anotar ante o poderío físico de Tui na pintura

## Estudiantes voa no Anexo

**VITORIA CONTUNDENTE** ante Arxil tras asinar 104 puntos

| ESTUDIANTES 104 | | ARXIL 36 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Ana | | Carabelos | |
| Zeltia | | Durán | |
| Eva | | Vázquez | |
| María | | Gómez | |
| Adriana | | Fernández | |
| Alba | | Faye | |
| Sabela | | Seoane | |
| Yashina | | Villar | |
| Candela | | Iglésias | |
| Alexía | | Medina | |
| | | Sánchez | |
| | | Riveiro | |

> "Estoy muy contento con el equipo a nivel individual y colectivo" FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

Estudiantes segue dando moi boas sensacións e presentando unha candidatura para organizar e ser cabeza de serie nos play off ante a que ningún parece que teña potestade para competir.

Na primeira volta as celestes sufriran para impoñerse a domicilio a Arxil, pero o estado de forma de Estudiantes arroiou ao seu rival desde os primeiros minutos nos que lle endosou un parcial de 30-6 no primeiro cuarto. A partir de aí, as lucenses dominaron todas as facetas do xogo ata asinar un claro e contundente 104-36 no marcador final.


Zeltia a punto de dar unha asistencia a Ana de Matias


Adriana desbordando a unha xogadora de Arxil

## O Ensino encende a tempo a maquinaria

**TRAS UN MAL INICIO DE PARTIDO** o parcial na segunda parte foi de 42-14

| ENSINO 69 | | CÍA DE MARÍA 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Marina | 10 | Santas | |
| Natalia | 12 | Buleta | |
| Natalia G. | 12 | Vicente | |
| Leboreiro | 10 | Morodo | |
| Maite | 5 | Goicochea | |
| Carmen | 7 | Barcía | |
| Nuria | 13 | Rey | |
| | | Yáñez | |
| | | Hernández | |
| | | Domínguez | |
| | | Philipot | |

O Durán Maquinaria Ensino encheu o depósito da confianza tras remontar ao grande un partido que se puxo moi costa arriba na primeira parte. Na próxima xornada as de Miguel López visitan ao dentista en Vigo, onde se medirán cun Celta intratable nun partido sen nada que perder.

Ante Compañía de Maria as lucenses estaban avisadas trala derrota sufrida na ida por tres puntos. Con todo, vírónse superadas na primeira parte, especialmente no primeiro cuarto, no que a base de intensidade e acerto desde o perímetro, as viguesas endosaron un parcial de 18-28 ao Ensino.


Natalia Martínez iniciando unha xogada no Anexo

> "Las chicas se han vaciado para ganar este encuentro. Ha sido fantástico lo que nos han hecho disfrutar!" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O guión non cambiou no segundo cuarto e as ensinistas encaixaron un parcial de 9-27 que deixaba o marcador en 27-47 ao descanso.

Foi entón, cando se acenderon as alarmas e cando peor pintaban as cousas, o momento no que Ensino acendeu a maquinaria para arroiar a Compañía de María.

A partir da defensa o equipo creceu en ataque e tan só encaixou 14 puntos en toda a segunda metade. Mentres que en ataque a orde e a claridade de ideas levaron ao Ensino ata os 42 puntos cos que asinaron unha das remontadas da tempada.

# Estudiantes deu un golpe enriba da mesa

## VITORIA ANTE O LÍDER para seguir metidas de cheo na loita encarnizada por entrar no corte dos catro primeiros



Cris iniciando un contraataque na pista do Anexo

| ESTUDIANTES 62 | | ROSALÍA 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Candela | 8 | Seoane | |
| Yashina | 8 | Penedo | |
| Enma | 6 | Golpe | |
| Claudia | 8 | López | |
| Marta Fdez | 8 | Villamarín | |
| Cristina | 4 | Abalde | |
| Alejandra | | Rama | |
| Laura | 20 | García | |
| Carla | | Ramos | |
| Marta R. | | Liste | |
| | | Gómez | |
| | | Garcés | |

Estudiantes deu un golpe enriba da mesa na Liga Galega cadete feminina. As celestes recibiron ao líder da competición, Rosalía, que se presentou no Anexo cunha soa derrota nas primeiras dez xornadas.

Pero en fronte atopáronse a un Estudiantes que recuperou a súa mellor versión no momento crave da tempada e a partir dun esforzo titánico en defensa, tras dominar o rebote e coa inspiración de Laura en ataque, propiciaron a segunda derrota do curso das compostelás e manténense de cheo na pelexa polo corte dos catro primeiros clasificados.

De inicio Rosalía quixo deixar claro quen era o líder da competición, e fixoo cun parcial de saída de 0-6, obrigando a Sise a pedir un tempo morto co que conseguiu cambiar o rumbo do encontro.

O conxunto celeste púxose o mono de traballo en defensa e aos poucos foi entrando no partido ata mandar no marcador ao final do primeiro parcial, 14-12.

Ao comezo do segundo cuarto Estudiantes ata amagou con irse no electrónico con vantaxes de 10 puntos, pero ao descanso chegouse con máxima igualdade, 26-25.

Na segunda parte Estudiantes sorprendeu e colapsou a Rosalía alternando

> "El trabajo defensivo y el control del rebote nos llevaron hasta esta gran victoria" SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

defensas zonais e individuais, o que se viu reflectido no marcador cun terceiro parcial de 21-17 que deixaba todo por decidir no último cuarto.

Rosalía deulle a volta ao marcador, pero Estudiantes chegou aos minutos finais con vantaxe, e pese a que Yashina tivo que retirarse lesionada, as celestes mantiveron a cabeza fría e acerto desde o tiro libre para impoñerse nun partido de poder a poder e do que saen moi reforzadas de cara ao derbi da próxima xornada.



Carla a piques de facerse cun balón dividido



A celeste Laura nunha acción de ataque



Yashina a piques de superar a unha xogadora rival

# Vendaval celeste na pista do Anexo

## ESTUDIANTES, récord anotador dun equipo lucense esta tempada

| ESTUDIANTES 130 | | CARBALLO 54 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Sergio | 7 | Penedo | |
| Eloy | 25 | Cerviño | |
| Jorge | 26 | Pose | |
| Iker | 8 | Lestón | |
| Anxo | 11 | Rey | |
| Garabito | 5 | González | |
| Álvaro | 8 | Castro | |
| Olloqui | 20 | Dopico | |
| Dani | 7 | Méndez | |
| Pedro | 12 | Castiñeira | |
| Lucas | 3 | | |

Estudiantes quedouse coa vitoria ante Carballo no Anexo cunha abafadora intensidade. O punto de mira celeste estivo afinado na súa máxima expresión e a intensidade que mantiveron ao longo dos corenta minutos desencadeou nun avultado 130-54, sendo esta a máxima anotación dun equipo lucense esta tempada nunha Primeira División.

No primeiro cuarto Estudiantes foise ata os 39 puntos, mentres que nos tres seguintes non baixou dos 30, deixando un pouco que Carballo maquillase o marcador ao anotar 22 puntos no último parcial.

> "Seguimos trabajando para mejorar y competir lo mejor posible" JAVI PEINÓ Estudiantes



O ribadense Iker nunha xogada de ataque celeste



Anxo botando de espaldas a un xogador rival

# O Ensino cumple antes do gran derbi

## AS DE ADRIÁN GONZÁLEZ, cun partido serio, aférranse ao segundo posto

| ENSINO 76 | | CLB 58 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Maite | 17 | Ribadomar | |
| Sabela | | Abal | |
| Nerea | 3 | Renda | |
| Silvia | | Dios | |
| Nuria | 22 | Devesa | |
| Lorena | | Blanco | |
| Natalia | 17 | Potel | |
| Any | 5 | Serqueira | |
| Lucía | 6 | Ríos | |
| Mencía | 6 | Farrón | |
| | | Carralda | |
| | | Pérez | |

Paso á fronte do Ensino na Liga Galega cadete feminina, sen dúbida a competición máis igualada de todas as primeiras divisións galegas.

A incógnita da resposta do equipo trala última derrota despexouse pola vía rápida, cunha boa posta en escena na que o Ensino controlou as transicións ofensivas do seu rival e tivo fluidez no xogo, cunha boa lectura no ataque estático co que conseguiron un goteo de puntos constante ao longo do encontro.

O primeiro parcial pechouse con 18-10, o que permitiu ao Ensino xogar con tranquilidade. No segundo cuarto as diferenzas ampliáronse cun parcial de 20-13 que deixaba o marcador ao descanso en 38 -23 co único lunar nestes dez minutos de pechar mellor o rebote defensivo para poder saír en rápidas transicións.

Este aspecto corrixírono as lucenses na segunda parte, polo que chegaron moitos puntos ao contraataque, ademais mantivose o bo ton defensivo para sentenciar o encontro con 18-13 no terceiro parcial antes de relaxarse un pouco na recta final do partido ao ter xa a mente posta na próxima cita, que será ante Estudiantes no derbi capitalino no que está media tempada en xogo para ambos conxuntos. O partido disputarase o martes 12 a partir das 20:15 horas.



A ensinista Mencía coa pelota nun encontro deste ano

> "Gran trabajo del equipo a lo largo de todo el partido" ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

# A vitoria na Coruña fai que Estudiantes volva aparecer

**OS CELESTES ESPANTAN AS PANTASMAS E POÑEN PÉ E MEDIO NA SEGUNDA FASE** tras remontar no último parcial e xestionar mellor os minutos finais dun partidazo

| B. CORUÑA 66 | Pts. | ESTUDIANTES 68 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Gil | | Miguel | |
| Diaz | | Cristian | |
| Casais | | Ales | |
| Catoira | | Manu | |
| Lozano | | Joel | |
| Lovera | | Brais | |
| Gonta | | Ruano | |
| Vázquez | | Óscar | |
| Pérez | | Fabio | |
| Devesa | | | |
| Piñeiro | | | |
| Padín | | | |

Partidazo o disputado entre Basquet Coruña e Estudiantes na Liga Galega infantil masculina. Fronte a fronte estiveron dous equipos cunha formulación e forma de xogar moi similar, con intercambio de golpes ante os que ambos equipos levantáronse ao longo de corenta minutos disputados de poder a poder.

Trala derrota da pasada xornada Estudiantes presentábase na Coruña co coitelo entre os dentes e sen apenas marxe de erro, mentres que para os herculinos este era o último vagón co que poder subirse ao tren dos catro primeiros que pasarán á segunda fase da competición.

### "Echamos de menos a Gabi"

ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

Basquet Coruña empezou pegando primeiro, cunha renda de oito puntos ao final do primeiro parcial no que Estudiantes non chegou a entrar en calor. 19-11. Si o fixo no segundo cuarto, no que atopou vías para ser superior e plasmalo no marcador cun parcial de 9-21 co que tomaban o mando no electrónico ao descanso, 28-32.

Ao comezo da segunda parte Basquet Coruña deixou claro que venderia moi cara a derrota e despregou o seu mellor xogo, facendo dano baixo o aro e dándolle a volta ao marcador para chegar aos últimos dez minutos con máis cinco no electrónico.

Á hora da verdade, con todo por decidir, Estudiantes sacou a relucir a súa mellor versión cando peor pintaban as cousas e, a falta de dous minutos, o marcador reflectia un empate a 61.

Estudiantes xogou mellor o tramo final, baixou as pulsacións e contivo mellor os nervios cun baloncesto firme que desencadeou nun último parcial de 3-7 co que culminaron a remontada e espantaron as pantasmas a nivel clasificatorio na Liga Galega infantil.

**14/21**

**ÚLTIMO PARCIAL** co que Estudiantes desnivelou o marcador ao seu favor, especialmente cun 3-7 nos últimos instantes nos que xestionaron mellor as posesións quentes do partido

**2**

**VITORIAS** máis o basketaverage particular con Basquet Coruña, quinto clasificado, a falta de tres xornadas para o remate da primeira fase, polo que os celestes teñen pé e medio entre os catro primeiros

**3º**

**POSTO EN XOGO** na próxima xornada, na que Estudiantes recibe a Peleteiro. Incluso unha derrota lucense por menos de 14 puntos meteria aos celestes no podio desta fase



Brais coa pelota no Anexo ante a chegada de Manu

## En busca da regularidade celeste

**ESTUDIANTES** gañou coa asignatura pendente dos altibaixos

| BBCA 51 | ESTUDIANTES 76 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Álvarez | Candela |
| Villar | Maria |
| Iglésias | Iria |
| Lamas | Nerea |
| López | Naiara |
| Pena | Lucía |
| Freire | Laura Mesa |
| López | Carolina |
| Ferández | Sara |
| | Marta |
| | Celia |
| | Laura Martín |



A celeste Laura en labores defensivas

Estudiantes cumpriu coa lóxica en Ferrol tras impoñerse a un BBCA que aínda non coñece a vitoria esta tempada.

Julia Pena repartiu moito os minutos entre todas as xogadoras dispoñibles para este encontro, marcado de novo pola falta de regularidade celeste ao longo dos corenta minutos.

A posta en escena invitaba a imaxinar un partido para encher o depósito da confianza, xa que cun bo baloncesto Estudiantes puxo terra polo medio no marcador cun parcial de 4-21.

### "Por momentos, en los partidos, nos falta concentración y confianza en nuestro juego"

JULIA PENA Estudiantes Lugo

Con todo, no segundo chegou a relaxación que propiciou falta de tensión. Todo o contrario que as locais, que a base se intensidade recortaron distancias tras impoñerse no segundo cuarto 17-13 e deixar o marcador ao descanso en 21-34.

Na segunda parte os altibaixos no xogo foron unha constante. Nos picos altos o marcador ampliábase pola súa maior calidade, pero sen chegar a ter continuidade no xogo e con lagoas de concentración, que son sen dúbida, os deberes que ten Estudiantes de cara á segunda fase do campionato.

**2**

**AUSENCIAS** as xogadoras preinfantís Sara e Laura non estiveron neste encontro, polo que o reparto de minutos foi aínda maior

## A moeda caeu cruz para o Burela

**PARTIDO DISCRETO** pero no que os mariñaos tiveron opcións ata o final

| B. FERROL 55 Xogador | Pts. | CB BURELA 54 Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Franco | | Marcos | 16 |
| Souto | | Joaquín | 4 |
| Valea | | Diego | 25 |
| García | | Luis | 3 |
| Dopico | | Álvaro Ben | 3 |
| Filgueiras | | Daniel | 3 |
| López | | Raúl | |
| Lorenzo | | Mateo | |
| Rico | | | |
| Carballeira | | | |

### "Partido con muy poca intensidad y en el que estuvimos muy atenazados"

MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela



Manolo Cobas da instruccións a Marcos, Diego e Daniel

O Academia A Mariña Burela, moi mermado polas ausencias de Antón, Carlos, Álvaro Fernández, Raúl e Pablo, acariñou a vitoria en Ferrol nun partido de baixa intensidade e no que os de Manolo Cobas, pese a non estar ben, tiveron opcións de vitoria ata o último segundo.

Diego e Mateo asumiron un rol protagonista en ataque ante as ausencias e os mariñaos tomaron o mando no marcador cun 9-14 no primeiro cuarto, pero as impresións e as perdas de balón propiciadas pola baixa tensión fixeron que os ferroláns cresen na vitoria, dándolle a volta ao marcador antes do descanso cun segundo parcial de 19-12 para chegar ao descanso con 28-26.

No terceiro cuarto o intercambio de canastras desencadeou nun parcial de 15-17, polo que aos últimos dez minutos chegouse con táboas no marcador.

Ferrol fixo valer o factor pista para controlar mellor as emocións nun final a cara e cruz no que Burela saíu mal parado e deixouse o encontro por un só punto de diferenza na que foi a segunda vitoria da tempada para Ferrol.


Rozas facendo unha entrada defendido por Samuel


Serguei tras superar en ataque ao colexial Samuel


Mateo cara a pintura por diante de Samuel e Mauro


David e Dani na loita por un balón dividido

# Monólogo estudiantil nun derbi descafeinado

**AS BAIXAS, COMO NO PARTIDO DE IDA,** volveron ter demasiado protagonismo. Sexta vitoria seguida do Estudiantes

**6**

**VITORIAS SEGUIDAS** do Estudiantes coas que os de Nicolás Fernández se asentan nos primeiros postos e con pé e medio no corte dos catro primeiros clasificados para disputar o Galego preinfantil

**1**

**VITORIA NECESITA MARISTAS** para clasificarse de forma matemática para o Galego. Ademais os de Engroba buscan o título zonal que acadarían de forma matemática con dúas vitorias nas tres últimas xornadas


Brais mira ao aro ante a presión de David

**36 MARISTAS – ESTUDIANTES 74**

| MARISTAS Xogador | Pts. | ESTUDIANTES Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Mauro | 2 | Brais | 20 |
| Néstor | 3 | Dani | 5 |
| Samuel N. | | Leo | 4 |
| David | 2 | Bernal | |
| Samuel V. | 13 | Rozas | 5 |
| Gabriel | 4 | Serguei | 18 |
| Jorge | 6 | Antón | 2 |
| | | Mario | |
| | | Isma | |
| | | Mateo | 5 |
| | | Pi | 9 |

**"Estamos haciendo las cosas bien, pero no podemos relajarnos"**
NICOLÁS FERNÁNDEZ Estudiantes

**"Necesitamos recuperar a todos los jugadores para los entrenamientos y los partidos y así competir en esta Liga tan dura"**
RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

Estudiantes exhibiu o seu estado de forma no derbi capitalino da Liga Galega preinfantil masculina que lle mediu con Maristas. Un encontro marcado, como no partido de ida, polas lesións.

Nesta ocasión as ausencias mermaron aos colexiais, ao non poder contar Rubén Engroba con Alexis, Gabriel F. nin Julián, mentres que no encontro da primeira volta a lesión de Serguei allanou o camiño da vitoria para Maristas.

Un parcial de 11-11 nos primeiros minutos nos que Maristas explotou ao máximo os seus recursos, foi o único tramo de partido de igualdade. A partir aí Estudiantes monopolizou o encontro pechando o primeiro parcial con 11-20.

No segundo cuarto Maristas non puido manter a esixencia celeste, ademais de cargarse de faltas coa terceira persoal de Samuel que propiciou un parcial de 5-22 co derbi visto para sentenza ao final da primeira parte ao chegar ao descanso con 16-42 no marcador.

Estudiantes, lonxe de relaxarse, mantivo unha esixencia física moi alta coa que foi ampliando a diferenza no marcador con dous parciais na segunda parte de 12-20 e 8-12 cos que pecharon o resultado en 36-74.

Vitoria final xusta e moi merecida para o equipo que máis a necesitaba, xa que Estudiantes pon pé e medio nunha segunda fase na que, salvo catástrofe, tamén estará Maristas, e con iso o baloncesto lucense contará con dous equipos preinfantil masculinos entre os oito mellores de Galicia.

Na próxima xornada Maristas ata pode alzarse co título zonal de gañar a Basquet Coruña e favorecerlle outros resultados.

# Vitoria solvente dunha boa versión celeste

**ESTUDIANTES** tivo acerto en ataque e intensidade defensiva ao longo do partido

**44 PORTO SON – ESTUDIANTES 64**

| PORTO SON Xogadora | Pts. | ESTUDIANTES Xogadora |
|---|---|---|
| García | | Laura |
| P. Fdez | | María A. |
| L. Fdez | | Ana |
| Boo | | María C. |
| Vidal | | Paula |
| I. Fdez | | Aroa |
| Iglesias | | Daniela P. |
| Maneiro | | Paula |
| Mohedano | | Alma |
| Castro | | Sara P. |
| Vidal | | Sara G. |
| | | Daniel G. |

**"Estamos viendo reflejado en los partidos el trabajo diario y nuestro objetivo sigue siendo mejorar de cara a futuros encuentros. Buen trabajo de todo el equipo"** GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

Suma e segue do Estudiantes na Liga Galega preinfantil feminina, na que o conxunto que dirixe Gemma Souto continúa afinando a súa posta a punto con vitorias coas que mete presión a BBCA na loita polo primeiro posto.

A visita das lucenses a Porto do Son era unha das esixentes deste grupo, e Estudiantes respondeu á perfección con boa toma de decisións en ataque, intensidade defensiva e secando por momentos o potencial da xogadora referencia na pintura local.

Desde os primeiros minutos viuse que o partido sería complicado, xa que as locais tiveron o acerto que lles faltou ás celestes, pese a xogar un bo baloncesto e xerar opcións claras de tiro aínda que non acompañasen as porcentaxes de acerto.

O primeiro cuarto pechouse con 9-14 mentres que no segundo Estudiantes foi incrementando o seu dominio á vez que o facía no marcador, 22-34 ao descanso. Na segunda parte o conxunto coruñés chegouse a poñer a tan só dez puntos a falta de cinco minutos, pero o conxunto celeste tirou de solvencia e non perigou en ningún momento a vitoria.

**1º**

**POSTO EN XOGO** a falta de tres xornadas para que remate a primeira fase Estudiantes ten o punto de mira fixado na última xornada, na que recibirán no Anexo a BBCA coa primeira posición en xogo

A próxima xornada pode ser clave, xa que BBCA recibe ao terceiro clasificado, CLB, mentres que Estudiantes recibirá ao colista da competición, Culle.


Gemma dando instruccións na banda a Paula López

Líder

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Sigaltec | 75-45 |
| Rosalía – Seis Nadal | 81-52 |
| C. Ourense – B. Coruña | 80-62 |
| Estudiantes – Tui | 77-72 |
| B. Ferrol – PBB A | 66-58 |
| Blanco Amor – Bosco | 53-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 14 | 14 | 0 | 0 | 1119 | 739 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **13** | **1** | **0** | **1309** | **885** |
| BASKET FERROL | 14 | 9 | 5 | 0 | 993 | 889 |
| ROSALÍA | 14 | 9 | 5 | 0 | 1058 | 980 |
| SIGALTEC | 14 | 7 | 7 | 0 | 857 | 943 |
| CLUB OURENSE | 14 | 7 | 7 | 0 | 912 | 921 |
| TUI SETA | 14 | 7 | 7 | 0 | 978 | 1018 |
| PBB A | 14 | 6 | 8 | 0 | 800 | 928 |
| BOSCO | 14 | 5 | 9 | 0 | 885 | 865 |
| SEIS DO NADAL | 14 | 3 | 11 | 0 | 802 | 1063 |
| BLANCO AMOR | 14 | 2 | 12 | 0 | 852 | 1080 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 2 | 12 | 0 | 824 | 1078 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - Tui | Bosco - C. Ourense
PBB A - Obradoiro | Sigaltec - Estudiantes
Seis Nadal - Blanco Amor | B. Coruña - B. Ferrol

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – B. Ferrol | 109-27 |
| Estudiantes – Carballo | 130-54 |
| B. Coruña – Culleredo | 66-69 |
| Rosalía – Narón | 91-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 11 | 10 | 1 | 0 | 902 | 494 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **9** | **2** | **0** | **1019** | **675** |
| ROSALIA DE CASTRO | 11 | 9 | 2 | 0 | 945 | 610 |
| KFC CULLE | 11 | 6 | 5 | 0 | 724 | 689 |
| BASKET FERROL | 11 | 5 | 6 | 0 | 622 | 734 |
| BASQUET CORUÑA C | 11 | 4 | 7 | 0 | 692 | 754 |
| BALONCESTO NARÓN | 11 | 1 | 10 | 0 | 459 | 864 |
| CARBALLO A UN PASO ARTAI EBX | 11 | 0 | 11 | 0 | 441 | 984 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Estudiantes | Narón - Culleredo
Obradoiro - B. Coruña | Carballo - Rosalía

## JUNIOR 2º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – H. Ferreiro | 68-78 |
| CB Viveiro – Estudiantes | 58-52 |
| Ribadeo – Burela | 56-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| HIERROS FERREIRO | 9 | 7 | 2 | 0 | 600 | 544 |
| C. B. RIA DE RIBADEO | 9 | 7 | 2 | 0 | 510 | 433 |
| ESTUDIANTES | 9 | 6 | 3 | 0 | 572 | 508 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 5 | 4 | 0 | 454 | 479 |
| BURELA JUV MASC | 9 | 2 | 7 | 0 | 504 | 543 |
| CIDADE DE LUGO | 9 | 0 | 9 | 0 | 453 | 586 |

### ÚLTIMA XORNADA

Cidade - Burela | Estudiantes - Ribadeo
H. Ferreiro - CB Viveiro

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – CB Viveiro | 74-49 |
| Est. Rojo – MGR Sarria | 48-62 |
| Est. Azul – Design Sarria | 82-18 |
| San Ciprian – Sagrado | 86-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 10 | 10 | 0 | 0 | 702 | 470 |
| SAN CIPRIAN | 10 | 9 | 1 | 0 | 697 | 428 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 10 | 6 | 4 | 0 | 710 | 536 |
| ENSINO LUGO | 9 | 6 | 3 | 0 | 519 | 362 |
| C. B. VIVEIRO | 10 | 4 | 6 | 0 | 551 | 576 |
| MGR C. B. SARRIA | 10 | 4 | 6 | 0 | 543 | 536 |
| ESTUDIANTES ROJO | 10 | 3 | 7 | 0 | 547 | 608 |
| A.X. SAGRADO | 10 | 2 | 8 | 0 | 447 | 652 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 9 | 0 | 9 | 0 | 239 | 787 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - CB Viveiro | Design Sarria - Est. Rojo
Ensino Lugo - Est. Azul | MGR Sarria - San Ciprián

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Burela 05 | 55-54 |
| B. Coruña – Estudiantes | 66-68 |
| Rosalía – Culleredo | 80-72 |
| Peleteiro – Maristas | 59-8 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 11 | 10 | 1 | 0 | 810 | 593 |
| KFC CULLE | 11 | 8 | 3 | 0 | 783 | 587 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **814** | **642** |
| PELETEIRO | 11 | 7 | 4 | 0 | 701 | 565 |
| BASQUET CORUÑA I | 11 | 6 | 5 | 0 | 747 | 588 |
| **BURELA 05 MASC.** | **11** | **3** | **8** | **0** | **651** | **636** |
| BASKET FERROL | 11 | 2 | 9 | 0 | 405 | 764 |
| MARISTAS | 11 | 0 | 11 | 0 | 237 | 773 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - B. Ferrol | Estudiantes - Peleteiro
Culleredo - B. Coruña | Burela - Maristas

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – BBCA | 76-36 |
| B. Ferrol – B. Coruña | 52-72 |
| Maristas – Estudiantes | 36-74 |
| Narón – Montrove | 70-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **11** | **9** | **2** | **0** | **733** | **646** |
| BALONCESTO NARON | 11 | 8 | 3 | 0 | 705 | 499 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **748** | **553** |
| KFC CULLE | 11 | 7 | 4 | 0 | 721 | 600 |
| MONTROVE ORIGEN GALICIA | 11 | 6 | 5 | 0 | 688 | 640 |
| BASKET FERROL | 11 | 3 | 8 | 0 | 641 | 746 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 3 | 8 | 0 | 576 | 727 |
| BBCA SARTAÑA | 11 | 0 | 11 | 0 | 449 | 850 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Culleredo | Narón - B. Ferrol
B. Coruña - Maristas | BBCA - Montrove

## PREMINI 2º MASC. G1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Galén Naranja | 56-6 |
| CB Viveiro – Franciscanos | 41-31 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 6 | 6 | 0 | 0 | 389 | 90 |
| MARISTAS LUGO | 6 | 5 | 1 | 0 | 334 | 158 |
| C. B. VIVEIRO | 6 | 2 | 4 | 0 | 152 | 271 |
| FRANCISCANOS | 6 | 1 | 5 | 0 | 130 | 296 |
| GALEN NARANJA | 6 | 1 | 5 | 0 | 112 | 302 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Est. Azul | Galén Naranja - CB Viveiro

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – Galén Ensino | 61-35 |
| Est. Rojo – Franciscanos | 77-30 |
| CB Celtas – CB Sarria | --- |
| CB Viveiro – Cidade | 29-38 |
| M. Aux. – Ribadeo | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 8 | 7 | 1 | 0 | 418 | 247 |
| ESTUDIANTES AZUL | 8 | 7 | 1 | 0 | 429 | 257 |
| CB CELTAS | 7 | 7 | 0 | 0 | 506 | 152 |
| ESTUDIANTES ROJO | 8 | 3 | 5 | 0 | 276 | 408 |
| CB VIVEIRO | 7 | 4 | 3 | 0 | 365 | 239 |
| C. B. SARRIA | 7 | 4 | 3 | 0 | 326 | 289 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 333 | 356 |
| MARÍA AUXILIADORA | 6 | 3 | 3 | 0 | 304 | 272 |
| FRANCISCANOS | 8 | 0 | 8 | 0 | 89 | 488 |
| CB RIA DE RIBADEO | 7 | 0 | 7 | 0 | 80 | 418 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Ribadeo | CB Viveiro - CB Sarria
Galén Ensino - Est. Rojo | CB Celtas - Est. Azul
M. Aux. - Cidade

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – B. Ferrol | --- |
| Maristas Lugo – BBCA | 62-88 |
| MGR Sarria – Ribadeo | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 9 | 9 | 0 | 0 | 658 | 315 |
| BALONCESTO NARÓN | 8 | 7 | 1 | 0 | 666 | 478 |
| **ESTUDIANTES** | **9** | **6** | **3** | **0** | **625** | **537** |
| BBCA PONZOS | 9 | 4 | 5 | 0 | 589 | 531 |
| **MGR CB SARRIA** | **9** | **3** | **6** | **0** | **590** | **713** |
| **MARISTAS LUGO** | **10** | **2** | **8** | **0** | **478** | **798** |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **8** | **0** | **8** | **0** | **346** | **580** |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Narón | B. Ferrol - Estudiantes
BBCA - MGR Sarria

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| MGR Sarria – Sagrado | 39-49 |
| Cidade – Est. 06 | 60-9 |
| C. Ensino – Ribadeo | 62-40 |
| Est. 05 – Elev. Sarria | 81-31 |
| Franciscanos – Celtas | 45-77 |
| CB Viveiro – Burela 06 | 47-56 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 12 | 12 | 0 | 0 | 867 | 535 |
| CANDELAS ENSINO | 12 | 11 | 1 | 0 | 796 | 415 |
| CELTAS | 12 | 10 | 2 | 0 | 851 | 569 |
| CB RIA RIBADEO | 12 | 8 | 4 | 0 | 734 | 593 |
| CIDADE DE LUGO | 12 | 8 | 4 | 0 | 653 | 563 |
| MGR C. B. SARRIA | 12 | 5 | 7 | 0 | 659 | 593 |
| ESTUDIANTES 05 | 12 | 5 | 7 | 0 | 581 | 738 |
| BURELA 06 | 12 | 5 | 7 | 0 | 592 | 734 |
| C.B. VIVEIRO | 12 | 3 | 9 | 0 | 611 | 711 |
| FRANCISCANOS | 12 | 3 | 9 | 0 | 518 | 715 |
| AG ELEV. SARRIA | 12 | 1 | 11 | 0 | 446 | 779 |
| ESTUDIANTES 06 | 12 | 1 | 11 | 0 | 407 | 770 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. 06 - MGR Sarria | Sagrado - Elev. Sarria
Est. 05 - Franciscanos | Ribadeo - CB Viveiro
Celtas - C. Ensino | Burela - Cidade

## PREMINI 2º MASC. G2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – CB Sarria | 40-57 |
| Est. Blanco – Cidade | 33-59 |
| Burela – Galén Ensino | 78-44 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 8 | 7 | 1 | 0 | 439 | 223 |
| EST. ROJO | 8 | 6 | 2 | 0 | 431 | 321 |
| CAMIÑA EU SON | 8 | 5 | 3 | 0 | 441 | 348 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 4 | 4 | 0 | 405 | 394 |
| EST. BLANCO | 8 | 1 | 7 | 0 | 184 | 399 |
| GALEN ENSINO | 8 | 1 | 7 | 0 | 216 | 431 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Blanco - Galén Ensino | CB Sarria - Burela
Cidade - Est. Rojo

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalía – Cortegada | 79-66 |
| Durán Ensino – C. María | 69-59 |
| Estudiantes – Arxil | 104-36 |
| E. Pontevedra – PBB A | 50-44 |
| Peleteiro – RC Celta | 38-50 |
| Bosco – Maristas | 78-41 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA | 14 | 14 | 0 | 0 | 1111 | 518 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **11** | **2** | **0** | **952** | **599** |
| PELETEIRO | 14 | 9 | 5 | 0 | 804 | 687 |
| ROSALIA PIO XII | 14 | 9 | 5 | 0 | 926 | 832 |
| **DURAN ENSINO** | **13** | **9** | **4** | **0** | **825** | **685** |
| CORTEGADA | 14 | 8 | 6 | 0 | 819 | 803 |
| BOSCO | 14 | 8 | 6 | 0 | 715 | 788 |
| COMPAÑIA MARIA | 14 | 4 | 10 | 0 | 768 | 896 |
| MARISTAS | 13 | 4 | 9 | 0 | 719 | 921 |
| ARXIL A | 13 | 4 | 9 | 0 | 521 | 838 |
| PBB A | 14 | 1 | 13 | 0 | 658 | 930 |
| E. PONTEVEDRA | 14 | 1 | 13 | 0 | 588 | 909 |

### PRÓXIMA XORNADA

C. María - Bosco | Maristas - E. Pontevedra
PBB A - Rosalía | Celta - Durán Ensino
Cortegada - Estudiantes | Arxil - Peleteiro

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – BBCA | 62-67 |
| Candelas Ensino – Cortegada | 76-58 |
| Estudiantes – Rosalía | 62-59 |
| Maristas – Peleteiro | 51-68 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 11 | 9 | 2 | 0 | 738 | 561 |
| **CANDELAS ENSINO** | **11** | **7** | **4** | **0** | **642** | **598** |
| PELETEIRO | 11 | 6 | 5 | 0 | 605 | 555 |
| BBCA PRAIA VILAR | 11 | 6 | 5 | 0 | 626 | 651 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **6** | **5** | **0** | **646** | **660** |
| CORTEGADA | 11 | 5 | 6 | 0 | 674 | 741 |
| MARISTAS CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 551 | 653 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 1 | 10 | 0 | 615 | 678 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cortegada - Maristas | Rosalía - B. Coruña
BBCA - Peleteiro | C. Ensino - Estudiantes

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Estudiantes | 40-51 |
| CB Viveiro – T. Mariña | 56-52 |
| Galén Ensino – Ensino | --- |
| Burela – Cidade | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 8 | 8 | 0 | 0 | 493 | 163 |
| BURELA 05 FEM | 8 | 7 | 1 | 0 | 428 | 213 |
| ESTUDIANTES | 9 | 6 | 3 | 0 | 485 | 368 |
| FRANCISCANOS | 9 | 5 | 4 | 0 | 348 | 389 |
| C. B. SARRIA | 8 | 5 | 3 | 0 | 369 | 328 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 2 | 7 | 0 | 199 | 417 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 2 | 6 | 0 | 249 | 363 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 206 | 355 |
| TERRAS DA MARIÑA | 9 | 1 | 8 | 0 | 250 | 431 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ensino - Franciscanos | T. Mariña - CB Sarria
CB Viveiro - Galén Ensino | Burela 05 - Estudiantes

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Giraldo | 68-35 |
| BBCA – Estudiantes | 51-76 |
| Cortegada – Rosalía | 56-37 |
| Culleredo – Maristas | 54-73 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 11 | 11 | 0 | 0 | 755 | 328 |
| GIRALDO CBV | 11 | 8 | 3 | 0 | 716 | 589 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **738** | **552** |
| CORTEGADA | 11 | 7 | 4 | 0 | 668 | 558 |
| MARISTAS CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 562 | 715 |
| KFC CULLE | 11 | 3 | 8 | 0 | 486 | 737 |
| ROSALIA PIO XII | 11 | 3 | 8 | 0 | 570 | 665 |
| BBCA PORTO | 11 | 0 | 11 | 0 | 392 | 743 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - BBCA | Maristas - Giraldo
Estudiantes - Culleredo | Peleteiro - Cortegada

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cambados – B. Coruña | 48-64 |
| Maristas – Cortegada | 49-67 |
| Culleredo – BBCA | 6-56 |
| Porto do Son – Estudiantes | 44-64 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA CHAMORRO | 11 | 11 | 0 | 0 | 727 | 323 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **10** | **1** | **0** | **740** | **338** |
| CORTEGADA | 11 | 9 | 2 | 0 | 691 | 424 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 459 | 625 |
| PORTO DO SON | 10 | 4 | 6 | 0 | 499 | 461 |
| CAMBADOS | 11 | 2 | 9 | 0 | 339 | 699 |
| MARISTAS | 10 | 3 | 7 | 0 | 462 | 587 |
| KFC CULLE | 11 | 0 | 11 | 0 | 218 | 678 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Porto do Son | Estudiantes - Culleredo
Cambados - Maristas | BBCA - Cortegada

## MINI 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Baxi Ferrol | 62-42 |
| Rosalía – Cluny 007 | 75-28 |
| BBCA – B. Coruña | 67-55 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PIO XII ROSALIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 75 | 28 |
| **ESTUDIANTES** | **1** | **1** | **0** | **0** | **62** | **42** |
| BBCA DONIÑOS | 1 | 1 | 0 | 0 | 67 | 55 |
| BASQUET CORUÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 55 | 67 |
| BAXI FERROL | 1 | 0 | 1 | 0 | 42 | 62 |
| CLUNY 007 | 1 | 0 | 1 | 0 | 28 | 75 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Estudiantes | Cluny 007 - BBCA
Baxi Ferrol - Rosalía

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – Franciscanos | 29-52 |
| Fingoi – Estudiantes | 44-52 |
| CB Burela – CB Sarria | 49-39 |
